

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 5 de febreiro de 2021, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal das instalacións do parque eólico Serra do Faro, ampliación II, situado nos concellos de Rodeiro, Dozón (Pontevedra), San Cristovo de Cea e Piñor (Ourense), promovido por Pena da Costa Eólica, S.L. (expediente IN408A 2020/17).

En cumprimento do disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; na Lei 21/2013, do 9 de decembro de avaliación ambiental; na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia; no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal; e demais normas vixentes de aplicación, sométese a información pública a solicitude relacionada coa instalación que se describe a seguir:

Solicitante/promotora: Pena da Costa Eólica, S.L.

Enderezo social: parque San Lázaro, nº 7, 1º andar. 32003 Ourense.

Denominación do proxecto: parque eólico Serra do Faro, ampliación II.

Concellos afectados: Rodeiro, Dozón (Pontevedra), San Cristovo de Cea e Piñor (Ourense).

Potencia que se instalará: 33,6 MW

Produción neta anual estimada: 99.529 MW h/ano.



Orzamento de execución material (sen IVE): 23.891.991 €.

Coordenadas da poligonal de delimitación do parque eólico:

Vértice	Coordenadas UTM	
	(Fuso 29 ETRS89)	
	X	Y
1	586.120	4.715.250
2	587.700	4.715.250
3	587.700	4.713.750
4	586.900	4.712.450
5	585.450	4.712.450
6	584.500	4.713.750
7	583.700	4.713.750
8	583.250	4.713.250
9	581.550	4.713.250
10	581.550	4.713.450
11	582.620	4.714.285
12	586.450	4.714.285
13	586.120	4.714.650

Coordenadas dos aeroxeradores do parque eólico:

Aeroxerador	Coordenadas UTM (Fuso 29 ETRS89)		Concello
	X	Y	
1	586.630	4.714.850	Rodeiro
2	587.066	4.714.830	Rodeiro
3	585.813	4.714.004	Rodeiro
4	586.206	4.713.859	Rodeiro
5	586.551	4.713.755	San Cristovo de Cea
6	582.458	4.714.071	Dozón
7	583.632	4.714.066	Dozón
8	582.851	4.713.522	San Cristovo de Cea

Coordenadas da subestación:

Subestación	Coordenadas UTM (Fuso 29 ETRS89)	
	X	Y
	586.465,30	4.712.609,67



As características técnicas principais das instalacións de xeración, transformación e interconexión do parque eólico son as seguintes:

- 8 aerogeradores Vestas V136 de 4.200 kW de potencia unitaria, 112 m de altura de buxa e 136 m de diámetro de rotor.
- 8 centros de transformación, instalados no interior de cada aerogerador, formados por transformadores de 4.700 kVA de potencia nominal e relación de transformación 0,72/30 kV, celas de media tensión de 30 kV e os correspondentes equipos de protección, telemando e demais elementos auxiliares.
- Rede subterránea de 30 kV de tensión nominal, con condutores tipo RHZ1 18/30 kV Al 240-400 mm², para a evacuación da enerxía xerada e interconexión entre os centros de transformación e a subestación transformadora.
- Subestación transformadora, cun transformador principal 30/132 kV de 55/70 MVA e refrixeración ONAN/ONAF, e outro transformador de servizos auxiliares de 100 kVA de potencia nominal e relación de transformación 30/0,42-0,242 kV, equipamentos de secciónamento, medida, protección, telemando e demais elementos auxiliares.
- Camiños ou vías para o acceso aos aerogeradores, edificio de control e subestación eléctrica.
- Edificio de control no cal se situarán, entre outros, as celas de liña, de protección e de medida.

Órgano competente: o órgano competente para autorizar o proxecto da referida instalación eléctrica é a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

Procedemento de avaliación ambiental: o proxecto da referida instalación eléctrica está suxeito a avaliación de impacto ambiental ordinaria, segundo o establecido no artigo 7.1.a) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

De acordo co disposto no artigo 33 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, e polas demais normas de aplicación, relacionadas ao inicio desta resolución, constitúen o obxecto da información pública os seguintes documentos: proxecto de execución, estudo do impacto ambiental e proxecto sectorial de incidencia supramunicipal.



A documentación estará á disposición dos interesados nas dependencias da Sección de Enerxía das xefaturas territoriais de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (avenida M^a Victoria Moreno, 43, 5^o, 36071 Pontevedra, con cita previa no teléfono 986 80 52 39), e de Ourense (rúa Curros Enríquez, 1, 4^o, 32071 Ourense, con cita previa no correo electrónico enerxia-minas.ceei.ourense@xunta.gal ou no teléfono 988 38 67 35); así como nos concellos de Rodeiro, Dozón (Pontevedra), San Cristovo de Cea e Piñor (Ourense), e tamén na Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais (Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 5, 4^o andar, 15781 Santiago de Compostela, con cita previa no correo electrónico subdireccion.enerxia@xunta.gal ou nos teléfonos 981 54 45 79 e 981 54 55 73. Ademais, tamén se poderá consultar no portal web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación:

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

A dita documentación estará tamén dispoñible, durante o mesmo prazo, nas dependencias das xefaturas territoriais de Ourense e Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, así como na Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

O que se fai público para coñecemento xeral e para que as persoas interesadas poidan examinar a documentación técnica e presentar as obxeccións ou alegacións que consideren oportunas, no prazo de 30 días contados a partir da última publicación desta resolución.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2021

Paula Uría Traba

Directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

